

Plan de acollida no curso 2021-2022 Ceip A Lomba



DATA DE ELABORACIÓN: CURSO 2021-2022



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ÍNDICE

- a) Contextualización.
- b) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- c) Normas de organización e funcionamento do comedor.
- d) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- e) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- f) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

a) Contextualización.

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2021-2022, o centro educativo elaborará un “Plan de Acollida”.

O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ás instrucións citadas e ao Programa de Acollida Covid 19 do Ceip A Lomba publicado na páxina web: www.edu.xunta.gal/centros/ceipalomba para o reinicio da actividade académica presencial o vindeiro 9 de setembro.

b) Novas normas de organización e funcionamento do centro.

Seguindo o Plan de Adaptación do Ceip A Lomba achégase a seguinte organización e instrucións para a Comunidade Educativa.

Para as entradas e saídas ofertarase un horario escalonado para os diferentes grupos establecendo unha horquilla máis ampla e evitando as masificacións.

EDIFICIO A LOMBA	
Tema	Modificación
Horario de entrada	9:05-9:15 h - alumnado de transporte escolar pola porta lateral dereita 9:10 h - alumnado de 1º-2º-3º Primaria pola dobre porta principal (3 grupos por porta) 9:20 h - 4º-5º-6º Primaria pola dobre porta principal (3 grupos por porta) 9:15-9:25 h - alumnado de infantil de xeito escalonado (porta infantil)
Horario de saída	13.55-14.05 –alumnado de ed. Infantil (escalonadamente) (Porta de infantil) 14:00 h - Saída de 1º -2º e 3º (pola porta principal) 14.10-14:15 h - Saída de 4º,5º e 6º pola dobre porta principal (3 grupos por cada porta de xeito escalonado) 14.15 h - Saída alumnado bus , pola porta lateral dereita.

Horario de recreo	<p>Recreo Educación infantil:</p> <p>1º quenda(11:30-12 h): 5 anos A, 3anos A, 4 anos A</p> <p>2º quenda(12:00-12:30h): 5 anos B, 3 anos B, 4 anos B</p>
	<p>Recreo Educación primaria:</p> <p>1ºquenda (11:30-12 h): 1ºA, 1ºB,2ºA,2ºB,3ºA,3ºB</p> <p>2ºquenda (12:00-12:30h): 4ºA,4ºB,5ºA,5ºB,6ºA,6ºB</p>
Espazo de recreo	<p><u>Ed. Infantil</u></p> <p>Conta cun patio propio de recreo situado na parte traseira do edificio. O patio será acotado en tres espazos aos que sairán un grupo en cada quenda.</p> <p><u>Ed. Primaria</u></p> <p>Establécense 6 espazos diferenciados no patio de primaria que serán os seguintes, estes espazos serán utilizados por un grupo de cada vez.</p> <p>Os espazos son:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1-Cuberta do patio 2-Metade dereita pista multideportiva 3-Metade esquerda pista multideportiva. 4-Porta traseira e parte dianteira casa mestres 5-Parte traseira casa mestres formando unha L arredor do pavillón 6-Pavillón(luns, martes e xoves) <p>Ximnasio(mércores e venres)</p>
Gardas de entrada	<p>Haberá un mestre de garda nas entradas situado na zona común das aulas dese ciclo. A función é supervisar o acceso do alumnado e comprobar que realiza as rutinas previas ao inicio da xornada lectiva.</p>
Titorías	<p>Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. No caso de ser necesario unha reunión presencial levaríase a cabo na aula do alumno tomando todas as medidas necesarias.</p>

Biblioteca	<p>Para evitar a convivencia entre alumnado de diferentes grupos e niveis ,a biblioteca deixará de ser utilizada como espazo de lecer durante os recreos.</p> <p>A biblioteca será utilizada en horas de clase, como espazo de traballo,lectura e procura de información, o alumnado será acompañado en todo momento polos seus profesores e establecerase un horario de uso semana, que permita a súa organización.</p> <p>Polas tardes a biblioteca permanecerá pechada.</p>
Aula de informática	A aula de tics será utilizada en grupos pequenos xa que
	consideramos de vital importancia formar aos nosos alumnos en caso de que o ensino tivese que se realizar de xeito non presencial.
Uso de aseos	Restrínxese o aforo a dúas persoas, para o que se empregarán sinais visuais
Circulación polo centro	Ocupando sempre a parte dereita do corredor e respectando as quendas de circulación.

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, realizaranse antes do comezo de curso reunións por nivel coas familias.

Estas reunións terán lugar no ximnasio do colexio baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/a.
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,2m
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.

As datas e horas para cada nivel educativo quedan reflectidas na seguinte táboa:

REUNIÓN COAS FAMILIAS EDIFICIO A LOMBA				
Nivel	Data	Hora	lugar	Porta de entrada
1º de Primaria	03/09/2021	12:00 h	Ximnasio	Principal
2º de Primaria	03/09/2021	13.00 h	Ximnasio	Principal

4 anos	03/09/2021	12:00 h	Comedor	Lateral dereita
5 anos	03/09/2021	13:00 h	Comedor	Lateral dereita
3º de Primaria	06/09/2021	10:00 h	Comedor	Lateral dereita
4º de primaria	06/09/2021	11:00 h	Comedor	Lateral dereita
5º de Primaria	06/09/2021	12:00 h	Comedor	Lateral dereita
6º de Primaria	06/09/2021	13:00 h	Comedor	Lateral dereita.

Como o alumnado ten que adquirir novos hábitos que implican tanto o cambio da porta de acceso ao colexio como de ruta que debe seguir para chegar á súa aula, o que sumado ao alumnado que cambia de ciclo, mestre/a e aula, fai necesario organizar dun xeito especial o **primeiro día lectivo**. Para evitar aglomeracións e confusións propias desa primeira xornada, flexibilizaremos **os horarios** organizando as seguintes quendas:

HORARIO DÍA 9 SETEMBRO A LOMBA			
Cursos	Porta de entrada	Hora de entrada	Hora de saída
4 e 5 anos	Porta patio cuberto	09:30 (escalonado)	14:00 (escalonado)
Cursos Primaria	Porta dobre Principal	09:15 (escalonado)	14:10 (escalonado)

EDIFICIO ANEXO	
Tema	Modificación
Horario de entrada	<p>9:15 - Entrada Primaria (escalonadamente)</p> <p>-Aulas 1, 2 e 3 entran pola porta dereita</p> <p>- Aulas 4, 5 e 6 entran pola porta esquerda do patio e suben ás aulas polas respectivas escaleiras.</p> <p>9:25 – Entrada do alumnado de infantil : Aulas 1 e 2 de ed inf.(porta dereita) e aula 3 de ed. Inf (porta esquerda)</p>
Horario de saída	<p>14:00 h. Alumnado de ed. Infantil polas respectivas portas</p> <p>14:10 h. Saída de alumnado Primaria (mesmas portas que na entrada)</p> <p>14:15 h- Saída alumnado bus</p>

Horario de recreo	Recreo Educación infantil: 11:20 – 11:45
	Recreo Educación primaria: 1ª quenda 11:45 - 12:10 : 1º - 2º - 3º 2ª quenda 12:10 – 12:35 : 4º - 5º - 6º
Espazo de recreo	Establécense 3 espazos diferenciados no patio de primaria que serán utilizados por un grupo de cada vez.
Gardas de entrada	Haberá un mestre de garda nas entradas situado na zona común das aulas dese ciclo. A función é supervisar o acceso do alumnado e comprobar que realiza as rutinas previas ao inicio da xornada lectiva.
Titorías	Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada.
	No caso de ser necesario unha reunión presencial levaríase a cabo na aula do alumno tomando todas as medidas necesarias.
Biblioteca	Para evitar a convivencia entre alumnado de diferentes grupos e niveis ,a biblioteca deixará de ser utilizada como espazo de lecer durante os recreos. A biblioteca será utilizada en horas de clase, como espazo de traballo,lectura e procura de información, o alumnado será acompañado en todo momento polos seus profesores e establecerase un horario de uso semana, que permita a súa organización. Polas tardes a biblioteca permanecerá pechada.
Aula de informática	A aula de tics será utilizada en grupos pequenos xa que consideramos de vital importancia formar aos nosos alumnos en caso de que o ensino tivese que se realizar de xeito non presencial.
Uso de aseos	Restrínxese o aforo a unha persoa, para o que se empregarán sinais visuais
Circulación polo centro	Ocupando sempre a parte dereita do corredor e respectando as quendas de circulación.

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, realizaranse antes do comezo de curso reunións por nivel coas familias

REUNIÓN COAS FAMILIAS EDIFICIO ANEXO A LOMBA			
Nivel	Data	Hora	lugar
4 anos	03/09/2021	12:00h	Gradas
5 anos	03/09/2021	13:00h	Gradas
1º e 2º de Primaria	06/09/2021	11:00h	Gradas
3º e 4º de Primaria	06/09/2021	12:00h	Gradas
5º e 6º de Primaria	06/09/2021	13:00h	Gradas

Como o alumnado ten que adquirir novos hábitos que implican tanto o cambio da porta de acceso ao colexio como de ruta que debe seguir para chegar á súa aula, o que sumado ao alumnado que cambia de ciclo, mestre/a e aula, fai necesario organizar dun xeito especial o **primeiro día lectivo**. Para evitar aglomeracións e confusións propias desa primeira xornada, flexibilizaremos **os horarios** organizando as seguintes quendas:

HORARIO DÍA 9 SETEMBRO ANEXO			
Cursos	Porta de entrada	Hora de entrada	Hora de saída
4 e 5 anos 1º,2º e 3º Primaria	Portas patio	09:30	14:00
Ed. Infantil 4º,5º e 6º Primaria	Portas patio	09:15h	14:10

- **Instrucións xerais:**

- As familias con nenos/as de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria non accederán ao recinto escolar . As demais familias só poderán estar unha persoa por alumno/a.
- No caso de alumnado con NEAE, poderán ser acompañados á aula por un membro da súa familia con máscara ata o patio de acceso á aula.
- No caso do alumnado de nova incorporación será permitida a entrada da familia no recinto o primeiro día mentres agardan a seres atendidos.
- Calquer tramite en secretaria deberá esperar a entrada de todo alumnado no centro.

- Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto. Asemade, informarase ás familias da necesidade da responsabilidade persoal de non facer agrupamentos nos accesos ao centro escolar.
- O número de profesores de garda precisos para facer efectiva a entrada e a saída do recinto escolar en condicións de seguridade, é a totalidade do equipo docente segundo o seu horario lectivo.
- Xuntanzas por parte do centro educativo coa ANPA (Reunións mensuais e extraordinarias), como para a convocatoria de Claustros, CCP, Comisións e Consellos Escolares...: correo electrónico do centro, ABALAR MÓBIL e vídeo conferencias Webex. No seu defecto a vía telefónica do centro tamén pode ser canle de solicitude de xuntanzas.
- Normas para a realización de eventos: este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro que xuntaban a unha gran cantidade de xente. Deste xeito, e salvo mellora enorme da situación epidemiolóxica non se celebrará o Festival de Nadal ou actos masivos como o Samaín ou Magosto. As saídas didácticas, se se considera oportuno por parte do equipo docente, poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as normativas de transporte.
- Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo un bo curso para explotar os numerosos recursos que ofrece a contorna próxima.
- Merendas: A merenda realizarase na aula para unha maior observación e cumprimento das normas de hixiene. Previamente farase unha desinfección da mesa.
- Compromiso realización autoenquisa clínica: diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio).

c) Normas de organización e funcionamento do comedor.

Efectuaranse dúas quendas:

Quenda	Horario	cursos	Saída
1ª Amarelo	14:00-14:35	Ed. Infantil 1º,2º,3 e 6º Primaria Edificio A Lomba	15:00-15:15
2ª Azul	14:45-15:20	Alumnado Anexo 4º e 5º Ed. Primaria	15:15- 15:30

- As cadeiras estarán marcadas en azul ou amarelo, correspondendo a cada quenda.
- O comedor escolar contará con 10 persoas colaboradoras para Infantil e Primaria. A súa distribución será a seguinte:
Quenda 1: 6 colaboradores no comedor , 4 colaboradores no patio/aula. Quenda 2: 6 colaboradores no comedor , 4 colaboradores no patio/aula.

Elaborarase un protocolo para a organización do comedor coas entradas e saídas e demais normas a seguir.

d) **Actuacións de prevención, hixiene e protección.**

- Corresponde a empresa de limpeza actual do centro, CLECE, xestionar, planificar, organizar e desenvolver todo o que a medidas de hixiene se refire.
- Creación Equipo Covid que actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as funcións recollidas no Plan Adaptación á situación Covid 19 no curso 2021-2022 Ceip A Lomba.
- Determinación do espazo de illamento COVID: Casa do ANPA no edificio A Lomba e despacho de Xefatura no edificio Anexo. Os elementos de protección, así como as indicacións para proceder en caso de illamento aparecen recollidos no Plan.

• Hixiene persoal:

- Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.

- Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.
- Rutinas de responsabilidade individual:
 - Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel. Exemplo: antes de usar un ordenador, debo, como usuario, coller un pano con xel e desinfectar o teclado e rato, acción que debo repetir cando finalice o seu uso.
 - Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc.
 - Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas. Resultaría inadmisibile que o persoal de limpeza teña que colocar antes de limpar, é traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas ordenadas, os armarios, deixar as cadeiras levantadas e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.
- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:
 - Xel: en todas as aulas e espazos comúns
 - Xabón: nos aseos e botiquín.
 - Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
 - Toallas desinfectantes: nas aulas de educación infantil e aulas de especialidade (Informática,Música)
 - Solución desinfectante: nas aulas

- Medidas xerais de protección:
 - Uso de máscara:
 - Uso obrigatorio para todo o profesorado.
 - Uso obrigatorio para todo o alumnado en zonas comúns e recreos.
 - Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria dentro das aulas.
 - Pantallas:
 - Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.
 - Mamparas:
 - Para realizar trámites coas familias instalouse unha no despacho de secretaría.
- Rexistro e inventariado e protocolo de compra e difusión do material de protección recollidas no Plan de Adaptación.
- Xestión de abrochos: recollida no Plan de Adaptación e Plan de Continxencia
- Nas escaleiras estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes
- Espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica do espazo e material de traballo persoal.
- Realizar a psicomotricidade e outras actividades de aula, sempre que a climatoloxía o permita, ao aire libre.
- O Equipo Docente pasará polas aulas á chegada ao centro e antes da reunión inicial, para abrir as fiestras e ventilar antes do inicio da xornada. Igualmente quedarán abertas durante a xornada se o tempo o permite e

durante o recreo ou sempre que se realicen actividades fóra da aula.

e) **Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.**

- O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.
- Todo o profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar as aulas virtuais, como quedou amosado ao longo do curso 19/20.
- O curso pasado todo o claustro participou a través dunha liña de traballo do PFPP na actualización desta formación.
- En calquera caso, o coordinador do equipo TICs con axuda do seu equipo será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica). O resto de funcións (comunicación coa UAC, coa responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do equipo TICs.

f) **Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acoollida e cohesión**

Seguindo as instrucións do 6 de xullo 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se

deben adoptar no curso académico 2021/2022, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da Educación Infantil, da Educación Primaria, da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato, a metodoloxía de aula e a metodoloxía de traballo potenciarán tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo entre outras. Por este motivo o alumnado en ocasións traballará por grupos dentro do grupo estable para motivar ao alumnado cara ás aprendizaxes activas por medio de metodoloxías innovadoras propias do noso PE como a aprendizaxe cooperativa e manipulativa.

- Os docentes empregarán a máscara de xeito continuado e o alumnado de primaria tamén. Faranse excepcións co alumnado de EI e de ed. especial a criterio das súas mestras, aínda que o obxectivo é que o alumnado empregue a máscara de xeito habitual fóra da aula.
- A aprendizaxe das medidas hixiénico-sanitarias serán eixo vertebrador do proceso de ensinanza-aprendizaxe da nosa comunidade educativa pola transcendencia social que ten no momento histórico actual.
- Durante a asemblea inicial dentro da aula e diariamente lembrarase, empregando a cartelería de aula, os seguintes aspectos ao alumnado:
 - o Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
 - o Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
 - o Valoración das entradas e saídas do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento. Prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase a realización unha vez sentados na aula. Valoración en grupo aula desta medida e posta en común do acontecido para establecer aquilo

no que temos que mellorar.

- o Seguímentos da cartelería nos accesos ás aulas e aos espazos comúns.
- o Uso na dinámica de aula dos dispensadores de solución hidroalcohólica na entrada e en espazos comúns.
- o Medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución hidroalcohólica atendendo ás características de cada grupo, creación de normas de aula entre o alumnado.
- o Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van ao baño) ademais de medidas de educación sanitaria.

Emprego de xabón e papel para secar as mans, na aula e nos espazos correspondentes coma o baño.

- Ao esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
- Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esbirrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos.
- Manter a distancia física recomendada fóra da aula estable e dentro sempre que sexa posible. Empregar a máscara de protección. Informarase do uso correcto da mesma e de como poñela e sacala de xeito lúdico e manipulativo.
- Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros co resto do persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto escolar, así como nos tempos de descanso.
- Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas por parte do alumnado, do profesorado e do persoal de limpeza asignada. Esta

dinámica será sistematizada no desenvolvemento habitual da aula. O profesorado fará o mesmo e servirá de exemplo.

- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Nas aulas ou no propio pupitre empregarán o espazo diferenciado para o material de cada alumno, de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.
- Os equipos de traballo e material manipulativo de uso común desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa, gardando corentena de 24h se é o caso.
- As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

Saliéntase que este é un Plan vivo, adaptable e modificable no que toda a comunidade educativa e os servizos institucionais (Concello e Consellería) farán as súas achegas asumindo as funcións que lle corresponden, xa que O Equipo Directivo deste centro e o seu Equipo Docente non ten formación, nin competencia para asumir a organización e planificación dun Plan de adaptación de índole sanitario.